



EKCMO CONCELLO DA ESTRADA

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2019/7

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	6 de xuño de 2019
Duración	Desde as 21:40 ata as 22:00 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria	SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
524730201	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
524730178	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
254361506	ANA MARIA ASOREY BREA	NON
44027057Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
54898999H	CARMEN GÓMEZ OTERO	SÍ
44843018J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472490A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76800004Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470005B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON
44000534L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
524741166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796840F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
75402200J	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
65402180L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 12/06/2019
HASH: 655ac28dcccc4a6abbb15c3ae19672



SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 12/06/2019
HASH: 2254262b0e1e08675e24bb7d77618c84



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validación: ADJ59FZG923JRWZKNGM7EC | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/ | Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestióna eSP-ublico | Páxina 1 a 6



	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 27 DE ABRIL DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 27 de abril de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 2 DE MAIO DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 2 de maio de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validador: ADUS9XFZG923JR4WZKNGMRYEC | Corrección: <http://aesstrada.sed.electronicas.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



Expediente 2002/2019. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2019

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 03/05/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL), e á Secretaría Xeral do Estado, a través do Portal de Entidades Locais.

Visto o informe emitido pola intervención municipal con data 03/05/2019.

Vista a demais documentación, da que se da conta na presenta sesión, e que consta no expediente 2002/2019.

DÁSE CONTA:

- Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL do 1º trimestre 2019 do período medio de pagamento (PMP) e infome de morosidade
- Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 1º trimestre 2019.
- Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, na OVEELL da "Liquidación do Orzamento de 2018".
- Comunicación de Rendición da información, en tempo e forma, no Portal de Entidades Locais, pertencente á Secretaría Xeral do Estado, da "Información Salarial de la Administración (ISPA) 2018".

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-0493, DE 7 DE MAIO, DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validación: ADJS9XFZG9233R4WZKNNGM7EC | Corrección: <http://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aesiona esp-Publico | Páxina 3 a 6



Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-0493, de 7 de maio, e que se transcribe literalmente de seguido:

"-A vista do Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no Diario Oficial de Galicia do 30 de marzo de 2012 (D.O.G. nº 63).

-Estando este Concello interesado en acceder ao financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais proporcionado pola administración autonómica a través de transferencias finalistas ás corporacións locais.

-A vista de que o prazo de presentación da solicitude remata o 10.05 2019, conforme se contempla na orde do 25 de marzo de 2019 pola que se amplía o prazo para a xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, incorporada no expediente 1694/2019.

-En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO

1. Solicitarlle á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2. Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral deste anexo V, é de 772.890,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 100.890,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
 - Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 48.000,00 €
 - Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 582.000,00 €
- Xestión de programas: 42.000,00 €
- Investimento: 0,00 €

3. Declara que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

4.- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2019 na contía de 1.148.610,66 €, que supón unha porcentaxe do 59,78 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas

5.- Dar conta ó Pleno da Corporación do contido da solicitude na vindeira sesión que se celebre."

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE ABRIL DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 ao 30 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0414 ao número 2019-0477 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 31 DE MAIO DE 2019

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de maio de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0478 ao número 2019-0596 (incluídos os dous).

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validación: ADJ59XZCG923JR4WZKNNGUM7EC | Corrección: <http://sede.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xesiona esPublico | Páxina 4 a 6



A Corporación en Pleno queda sabedora.

Antes de pasar á parte de Xestión e Control, o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se hai algunha moción de urxencia.

Non habendo, se procede a continuar co disposto na Orde do Día.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda deste apartado a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para preguntar se o grupo de goberno ten a intención de sacar adiante cousas que deixaron pendentes, de feito aínda está a agardar que se lle dea contestación á solicitude presentada para obter o censo de obrigados tributarios, tamén segue agardando que se convoquen aquelas Comisións Informativas que foron solicitadas previamente polo seu grupo político (a de Benestar Social, Educación e Igualdade así como outra para aprobar a proclamación como Patrimonio Inmaterial a Rapa das Bestas e tamén outra para a colocación de prazas para persoas con mobilidade reducida); con respecto a isto último pregunta se teñen a intención de convocar as Comisións que teñen solicitadas.

O **Sr. Alcalde** resposta que despois que se forme a nova corporación, serán tratadas nas correspondentes Comisións Informativas.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para, en primeiro lugar, pedir que se mellore a seguridade viaria, en concreto o repintando dos pasos de peóns e do pintado doutros novos.

En segundo lugar pide que se cumpra co sinalado na Lei de Incendios, en concreto limpar as pistas e camiños de titularidade municipal, facer unha campaña informativa sobre a responsabilidade dos nosos veciños para proceder á limpeza das súas fincas e a elaboración dun plan de incendios municipais e forestais.

En terceiro lugar, pregunta para cando está prevista a contratación da Brigada municipal de Incendios.

Por último, traslada a necesidade de limpar a estrada PO-2004 de Santeles, polo risco de accidentes a causa da existencia de terra no seu firme, de feito os veciños xa presentaron solicitude para este fin.

O **Sr. Alcalde**, con respecto á estrada PO-2004, di que descoñece a existencia da solicitude dos veciños para proceder á limpeza desta vía, de todos xeitos aclara que se trata dunha estrada provincial e non municipal, polo que cre entender que seguramente esa solicitude se lle remitiu á Deputación.

No que respecta ao tema de incendios, que, ao igual que outros anos, na segunda quincena do mes de xuño se procede á elaboración dunha campaña informativa, a través dun Bando da Alcaldía, sobre a necesidade de que os veciños cumpran coa Lei de Incendios no relativo á limpeza das súas fincas. Aclara tamén

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validación: ADJ59XFZG9923JR4NZNKNGM7EC | Corrección: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



que este Concello está adherido ao Convenio da Xunta de Galicia para a limpeza da franxas dos 50 metros e este mesma semana a Xunta remitiunos o Plan de Incendios da Estrada, o cal terá que someterse a Pleno, pero antes terá que emitirse informe pola Dirección Xeral de Montes e, unha vez feitos todos os trámites se enviará información aos veciños para que poidan consultar o Plan, ver se as súas fincas están afectadas e procedan a efectuar a limpeza das mesmas.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xosé Magariños**, para dicir que na prensa publicouse días atrás que o goberno ía a prohibir a entrada de cans á nova Alameda, considerando que o que se debe de prohibir é que os cans anden pola herba e fagan as súas necesidades, xa que trátase máis ben dun problema de civismo dalgúns veciños, polo tanto, non se pode castigar a todos os propietarios de cans por culpa duns cantos. Polo manifestado pide que se reconsidere esta cuestión.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** a noticia saeu por mor das preguntas da prensa ante o debate social sobre o uso dos espazos da nova Alameda, polo que será necesario unha regularización de usos, regularización que considera simple e que deberase redactar en colaboración con todos os grupos políticos o máis pronto posible; a parte disto, apela ao civismo e á convivencia, pero non sempre a xente utiliza os espazos comúns como deberían.

Por último quere agradecer a todos os que compuxeron a corporación anterior, aos 21 concelleiros que a formaron, a súa paciencia, a súa loita polos dereitos dos/das nosos/as veciños/as e o seu traballo, que se traduciu no cumprimento dos obxectivos marcados, a pesares das diferencias obxecto dos correspondentes debates plenarios, pero ao fin todos temos un fin común e que e velar polos intereses dos estradenses. Polo anterior traslada os seus parabéns e espera seguir así na próxima lexislatura e nova corporación para acadar unha Estrada mellor.

Pide a palabra a Concelleira do PSdeG-PSOE, **Dna. Montserrat Maceiras Vicente**, para manifestar a súa lelicia por haber compartido 4 anos con todos os presentes como membro da lexislatura que se pecha, así mesmo que felicitar aos novos concelleiros que constituirán a nova corporación.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas do día do seu comezo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO

Número: 2019-0008 Data: 12/06/2019



Cod. Validación: A.D./S8XFTC923UR44ZK4GMR7EC | Correción: <http://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona eSP-Úblico | Páxina 6 a 6